

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xuño de 2021**

Ás 17.15 horas do día 16 de xuño de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Álvaro José Fernández López

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asisten don Plácido Álvarez Dobaño e don Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular (substituídos, respectivamente, por don Rosendo Luís Fernández Fernández e don Álvaro José Fernández López) nin dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista (substituída por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE MAIO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de maio de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 19 de maio de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, dá lectura ao contido da moción. Engade que no día de hoxe a ministra anunciou que o goberno está estudando a suspensión de impostos á dita tarifa eléctrica, o que ven demostrar que se trata dunha moción moi adecuada, xa que estamos ante unha cuestión que está actualmente no centro do debate.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que vai estudar a moción e reserva o voto para o pleno.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, indica que ao longo da súa carreira profesional tivo moita relación coas asociacións de consumidores e usuarios e que as reclamacións da moción lle parecen xustas, polo que manifesta o seu voto favorable.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que hai certos aspectos da moción que comparten, pero que, en principio, o seu grupo reserva o voto para o pleno. Engade que a electricidade á un ben básico e que a sensibilidade de todos queda reflectida nas declaracións efectuadas pola ministra no día de hoxe. Matiza que en todo caso a nova estrutura tarifaria ven imposta pola normativa da Unión Europea.

O **presidente da comisión** indica que estudarán a moción e que reservan o voto para o pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e don Miguel Caride (deputado non adscrito) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e de dona Montserrat Lama (deputada non adscrita), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Trasladarlle ao Goberno central o rexeitamento por parte da Deputación de Ourense da súa política enerxética, por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2º.- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica, baixo as seguintes premisas:

- a. Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido ata o 4%.
- b. Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica, compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
- c. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a:

- a. Asumir as súas competencias en materia de enerxía.
- b. Creación dunha empresa pública galega que integre os encoros que remataron o período de concesión e socialización dos beneficios xerados pola produción eléctrica, e nomeadamente a eólica.
- c. Garantir a subministración eléctrica a toda a poboación, establecendo medidas para que non se lle poida cortar a luz a ningunha persoa sen recursos.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RABAIXA DAS TARIFAS NOS TRENS AVANT ENTRE OURENSE E SANTIAGO DE COMPOSTELA

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, manifesta que entende que se trata de reclamacións ás que xa se aludiu no pleno anterior e que as comparte, polo que votará a favor.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que hai certos aspectos da moción, como o primeiro, que lle rinchan, xa que entende que non ten que haber subvencións públicas, senón

prezos competitivos. Engade que estes días empezou a funcionar o ave low cost cun prezo de 7 euros o traxecto Madrid-Barcelona, e que non ten ningún sentido que o prezo entre Ourense e Santiago ou A Coruña teña as tarifas máis altas de toda Galicia, incluso de toda España. Insiste en que debe haber unha rebaixa de prezos sen necesidade de que se acheguen fondos pola Comunidade Autónoma.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e de don Miguel Caride (deputado non adscrito) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e de dona Montserrat Lama (deputada non adscrita), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a subvencionar as tarifas dos trens de media distancia Avant, que unen Ourense con Santiago e A Coruña, para rebaixar os prezos co fin de igualalos aos que se aplican nos trens de alta velocidade do Eixo Atlántico que unen A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

2º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a colaborar na subvención dos trens de media distancia Avant que unen Ourense con Santiago e A Coruña, para rebaixar os prezos co fin de igualalos aos que se aplican nos trens de alta velocidade do Eixo Atlántico que unen A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

3º.- Instar á entidade pública empresarial Renfe-Operadora a restablecer todas as frecuencias de trens Avant na liña Santiago de Compostela-Ourense, existentes antes do recorte de frecuencias ocasionado pola pandemia, así como a restablecer todos os servizos ferroviarios recortados por mor da Covid-19 no resto de liñas de media distancia de Galicia.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º .- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

